

O PSdeG denuncia novos colapsos nas urxencias do HULA “pola nefasta xestión da Xunta” e critica “a súa falta de respostas”

“Este goberno non aprende dos seus erros, e, como ocorreu en xullo, os pacientes volven a acumularse nos corredores e boxes deste servizo dende hai dous días. Onte pola tarde houbo ata 110 persoas, das que case 20 levaban unhas 9 horas sen poder ser ingresadas en planta por falta de camas”, subliñou Concepción Burgo

“O Executivo de Feijóo tiña 20 días para responder ás preguntas escritas que lle fixemos no Parlamento sobre o número real de camas e servizos pechados no hospital lucense este verán. Un mes e medio despois de presentarllas aínda non temos resposta, co que vulnera o regulamento da Cámara”, asegurou a deputada

O PSdeG de Lugo denunciou este xoves que se están a producir novos colapsos no servizo de Urxencias de HULA debido “ós recortes e á nefasta xestión sanitaria da Xunta”, da que “critica a súa falta de respostas” e á que esixe “solucións definitivas de xeito inmediato”. A deputada socialista no Parlamento galego por Lugo Concepción Burgo criticou que o Goberno de Feijóo “non aprende dos seus erros, nin os corrixe, e a súa ineficacia está provocando que, como xa ocorreu no mes de xullo, os pacientes volvan a acumularse nos corredores e nos boxes deste servizo dende hai polo menos dous días”.

A parlamentaria sinalou que “houbo colapsos nas xornadas do martes e o mércores. De feito, onte, ás 18:30 horas, chegou a haber 110 persoas en urxencias, das que case 20 levaban dende pola mañá, unhas 9 horas, sen poder ser ingresadas en planta por falta de camas, tendo que permanecer nos boxes destinados para críticos”.

Deste xeito, Burgo advertiu que, ademais dun “grave deterioro da calidade asistencial, a falta de previsión da Xunta supón outro risco: que pasaría se se produce un accidente con moitos feridos? Os boxes de críticos estaban ocupados, polo que, habería suficientes recursos para prestar unha atención axeitada?” A deputada pediu “responsabilidades” por unha “inaceptable situación que se está volvendo a repetir este verán no HULA”.

Así mesmo, criticou que o Executivo do PP, “vulnerando o regulamento da Cámara galega”, non respondese aínda ás preguntas escritas que lle formulou sobre o número real de camas e servizos pechados no HULA durante os meses de verán, e sobre cantos pacientes se derivaron realmente á sanidade privada este ano e o custe que isto supuxo. “Presentamos as preguntas o día 17 de xullo e, pasado máis de mes e medio, aínda non temos resposta algunha, a pesar de que o regulamento establece un prazo máximo de 20 días para contestar”, explicou Concepción Burgo.

Neste senso, avanzou que, ante a falta de respostas do Executivo galego, volverá a formular as preguntas, esta vez de maneira oral, para que Sanidade “teña que explicar, si ou si, en comisión parlamentaria, en que situación deixou o HULA nos meses estivais”.

“Sen consenso cos profesionais”

Os socialistas formularon así mesmo unha proposición non de lei para “que non se sigan repetindo tempos que críamos rematados, como é o colapso das Urxencias do hospital, con pacientes estancados durante días nos corredores como sucedía no antigo Xeral”. Esta



Nota de prensa



“terrible” situación xa non é por falta de espazo, argumentou Concepción Burgo, senón “porque a Consellería toma decisións sen nin sequera acordalas cos profesionais sanitarios, que dan máis do 100% no seu traballo, están a facer máis do que poden e poñen o paciente por riba de todo para garantir a calidade asistencial, a pesar de que non se están a cubrir baixas, nin hai substitucións nun cadro de persoal xa de por si escaso”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Lugo, 5 de setembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo